<ul style="list-style-type: none"> - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación. - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
6	ALUMEA O MUNDO	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.	Coñece e adopta hábitos de vida saudables para previr enfermidades	PE	60
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identifica as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural.		
CA3.4 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identifica problemas ecosociais, propón posibles solucións e pon en práctica hábitos de vida sustentable.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formula preguntas e realiza predicións razoadas a través da observación.	TI	40
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realiza experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar actitudes que fomenten o benestar emocional e social, xestionando as emocións propias e respectando as dos demais, mostrando empatía e establecendo relacións afectivas saudables.	Identifica actitudes que fomentan o benestar emocional e social, mostrando empatía.		
CA3.3 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analizar e coñecer os efectos das forzas a través de investigacións e experiencias sinxelas con máquinas simples.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais para a busca de información e creación de contidos dixitais.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Constrúe en equipo un produto final sinxelo de forma guiada, empregando as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos e explicando os pasos seguidos.	Presenta o seu produto final en diferentes formatos con axuda dun guión.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolve problemas sinxelos a través do pensamento computacional.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participa en tarefas en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Importancia da función de nutrición para o ser humano e identificación dos aparellos relacionados con ela (dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor). - Sistema nervioso e o aparello locomotor. Os ósos, as articulacións e os músculos. Hábitos de hixiene postural nas súas actividades diarias. - Pautas para unha alimentación saudable e sustentable. Pirámide dos alimentos e clasificación en función dos seus nutrientes principais.

Contidos

- Pautas para a prevención de enfermidades, riscos e accidentes na súa contorna máis próxima.
- Pautas que fomenten unha saúde emocional e social adecuadas: hixiene do sono, xestión do lecer e do tempo libre, contacto coa natureza, uso adecuado de dispositivos dixitais e estratexias para o fomento de relacións sociais saudables. Educación afectivo-sexual.
- Cambios reversibles e irreversibles que experimenta a materia desde un estado inicial a un final para recoñecer os procesos e transformacións que ocorren na materia en situacións da vida cotiá.
- Forzas de contacto e a distancia. Efecto sobre os obxectos dependendo do seu tamaño, masa e forma.
- Máquinas simples, o seu efecto sobre as forzas e aplicacións na natureza e usos na vida cotiá. Planificación e montaxe dalgunha máquina de construción sinxela.
- Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Importancia da calidade do aire e auga da nosa contorna.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
 - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
 - Estratexias de procura guiada de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección e organización).
 - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
 - Aplicación das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe.
 - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital.
 - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e correos non desexados?) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
 - Planificación dun proxecto sinxelo, identificando e seleccionando adecuadamente os materiais, ferramentas e obxectos necesarios para a súa consecución.
 - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
 - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na área de Ciencias Naturais desenvolverá ou seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da área e, en combinación co resto das áreas, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa. Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da área e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño. As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son:

- A realización de proxectos significativos para o alumnado, usando diferentes estratexias e respectando os ritmos de aprendizaxe, partindo dos seus coñecementos previos, reforzando a autoestima, a autonomía, a curiosidade, a motivación e a responsabilidade sobre as propias aprendizaxes.
- A reflexión metodolóxica conxunta da que xurda unha proposta de centro común, cun enfoque global e interdisciplinar, que garanta o cumprimento dos principios pedagóxicos que se propoñen desde a área de Ciencias Sociais.
- O aproveitamento dos recursos propios da contorna, partindo de aprendizaxes máis simples cara a outras máis complexas e considerando as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.
- A introdución da aprendizaxe servizo, para fomentar a aprendizaxe activa a través da participación do alumnado nas actividades comunitarias, involucrándose nas necesidades reais da súa contorna e mellorándoa, facendo posible conectar o aprendido na aula cun contexto real.
- O traballo individual e en equipo, cooperativo, que posibilite a resolución conxunta e colaborativa das tarefas e favoreza a participación do alumnado, facéndoo protagonista das súas aprendizaxes.
- Os principios de normalización e inclusión, a atención individualizada, a detección precoz e a prevención das dificultades de aprendizaxe como medios para garantir a atención á diversidade, promovendo a súa cohesión social.
- A innovación educativa como estratexia de experimentación, renovación e innovación curricular.
- A aplicación de diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado, como, por exemplo, o portfolio, as rúbricas, os mapas mentais, os diarios, os debates, as probas específicas, as escalas de valoración...
- O emprego de personaxes relevantes ao longo da historia, no ámbito científico-tecnolóxico, resaltando o papel das mulleres, incidindo especialmente nas de orixe galega, desde unha perspectiva de xénero.
- O espírito crítico que permita coñecer porque hai profesións tan feminizadas ou masculinizadas e a presentación de persoas que representen logros e rupturas de teitos de cristal no eido profesional

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

Nesta programación fórmase a clasificación anterior que pretende organizar os distintos recursos e materiais que empregaremos, se ben non pode ser considerada unha lista pechada, xa que ao longo do curso poden ser incorporados outros recursos ou materiais que faciliten a aprendizaxe.

É preciso puntualizar que o emprego de material non é un fin en si mesmo e non garante a consecución dos obxectivos, esixe dunha planificación e secuenciación ás que xa se fixo referencia no apartado anterior.

O emprego do material require dunhas pautas para o seu uso e conservación, deberán ser asumidas e respectadas por todo o alumnado e o seu cumprimento será responsabilidade individual de cada persoa, se ben o reparto e recollida do mesmo estará incluído dentro dos roles dos equipos de traballo.

A distribución e colocación do material na aula favorecerá a accesibilidade para todo o alumnado, de tal xeito que lle resulte sinxelo collelo cando sexa necesario.

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto esteticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar el material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.

5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulos correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

Entre os recursos a empregar podemos mencionar os seguintes:

RECURSOS PERSOAIS: titora, especialista en P.T., especialista en A.L. orientadora do centro, outros docentes do centro en caso de ter que substituír á titora, familias, monitores de actividades complementarias contratadas ou gratuítas polo centro con outras institucións e relacionadas coas unidades didácticas desta materia.

RECURSOS MATERIAIS: libro de texto, guía didáctica, materiais de reforzo e ampliación e de avaliación aportados pola editorial Vicens Vives, libros de texto doutras editoriais, materiais de reforzo e ampliación elaborados pola titora, probas e rúbricas para a avaliación, esqueleto, home clástico, modelos anatómicos, material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas, lapis de cores...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio, balanzas, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros informativos relacionados cos unidades didácticas da materia. revistas, xogos manipulativos e didácticos ...

RECURSOS TECNOLÓXICOS: Encerado interactivo, ordenadores de sobremesa e portátiles.

RECURSOS DIXITAIS: aula virtual do centro, libro dixital, vídeos e recursos interactivos aportados pola editorial Vicens Vives. enciclopedias online, vídeos educativos atopados na rede ou elaborados polo profesorado do centro, presentacións...

RECURSOS ESPACIAIS: a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, así como os diversos espazos da contorna, museos e outras institucións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso e durante a primeira quincena realizarase unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá o análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida das familias.

A avaliación inicial será punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumn@.

O curso iniciárase cun repaso do curso anterior con actividades escritas e orais que nos darán a información necesaria sobre os coñecementos previos e así elaborar a programación tendo en conta os obxectivos mínimos

A avaliación inicial ao comezo de curso terá unhas funcións concretas:

- Achegar información sobre o contexto escolar do grupo: profesorado, recursos, posibilidades de interacción con outros grupos, coordinación, medidas de atención, métodos,...
- Obter datos relacionados co entorno socio-familiar do alumnado que poidan incidir no seu desenvolvemento escolar.
- Definir concretamente a intervención educativa a desenvolver priorizando aqueles aspectos que se amosaron deficitarios
- Concretar estratexias de aprendizaxe que permitan unha intervención máis eficaz, ademais de servir de referente para contrastar os avances que se vaian obtendo ao longo dos procesos de aprendizaxe e ensino desenvolvidos.

Os recursos para levar a cabo a avaliación inicial aplicaranse en dúas vías:

* Do grupo da clase:

- Intercambio de información entre equipos docentes sobre o grupo en xeral, na medida en que sexa posible.
- Abordaranse todas as peculiaridades do grupo, as interaccións que se producen nel e as dinámicas que funcionaron ben ao longo do tempo (se é posible).
- Incorporaránse datos relativos ao alumnado con NEAE ou dificultades de aprendizaxe, ben sexa procedente de informes de cursos anteriores ou do que se poida observar estes primeiros días.
- Formulación de dinámicas de grupo para detectar como se relaciona o alumnado entre si e co profesorado. Este punto realizarase mediante a observación directa.

* De cada alumno en particular

- Observación directa do seu traballo e da interacción cos outros.
- Entrevistas, ben sexa coas familias ou cos mestres/as especialistas.
- Autoavaliación.
- Cuestionarios e probas de avaliación inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	15	20	15	10	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes instrumentos de avaliación:

TAREFAS ESCRITAS

- Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da aula.
- Caderno de clase do alumno/a
- Probas de avaliación: escritas (tipo test, de preguntas pechadas, abertas)
- Traballos grupais.
- -Resolución de exercicios problemas.
- Actividades de expresión escrita.
- Actividades interactivas.

TAREFAS ORAIS:

- Participación do alumno/a
- Preguntas
- Intervención na aula
- Postas en común
- Probas orais individuais
- Lecturas expresivas
- Preparación en grupo de diversas actividades: coloquios, exposicións, debates...

OBSERVACIÓN DIRECTA E SISTEMÁTICA:

- Listas de control
- Rexistros
- Ficha rexistro individual

OUTROS:

- Informe individualizado de avaliación.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

O 60% --> Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade: realización de probas (escritas ou orais) e traballos (individuais ou grupais)

O 20% --> Realización do traballo diario na clase: realización axeitada do traballo, presentación dos cadernos e realización e presentación das fichas de traballo...)

O 10% --> Realización do traballo da casa: deberes e traballos específicos da casa: rematar algo pendente, actividades de repaso, actividades de reforzo ou memorización...

O 10% --> Valoración de actitudes na aula: escoita, participación, esforzo, colaboración respecto ás normas, aos compañeiros/, aos mestres/as...

Empregando todo o recollido cos instrumentos de avaliación e tendo en conta as porcentaxes establecidas nos criterios de cualificación, cubrirase unha táboa excell onde se plasmará toda a información e dará lugar á cualificación correspondente.

Criterios de recuperación:

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas:

- Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión
- Partiremos do nivel de cada alumno/a.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora.

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares. O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestra titoa e, noutras ocasións, polas mestras especialistas en pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe, dentro da medida das súas posibilidades, ou polas mestras ou mestres de apoio con disponibilidad horaria.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos alumnos para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

6. Medidas de atención á diversidade

Un dos piares básicos sobre o que se sustenta o sistema educativo é o concepto de Escola Comprensiva como modelo de escola que trata de ofrecer a todo o alumnado as mesmas oportunidades de formación e actuar como mecanismo de compensación de desigualdades. A Escola Comprensiva está íntima e indivisiblemente unida ao concepto de Atención á Diversidade como medida de calidade do ensino e como medida proporcionadora e facilitadora dunha atención individualizada que permita axustar a axuda pedagóxica ás necesidades educativas do alumnado.

Concíbese a atención educativa á diversidade como un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

No grupo hai os seguintes casos:

- Dous alumnos que presentan un ritmo de traballo excesivamente lento. Precisan un apoio constante para que se centren na tarefa, e poidan seguir o ritmo da clase.
- Dúas alumnas con certas dificultades na comprensión lectora. Esta circunstancia supónlles un gran obstáculo á hora de seguir o ritmo da clase e resolver de maneira autónoma as tarefas propostas.

En canto ás medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo Reforzos Educativos con aquel alumnado que así o

precise. Dos avances ou retrocesos que se aprecien a medida que avance o curso, tanto dos que nomei como do resto do grupo, dependerán as novas medidas que se poidan adoptar, tendo sempre en conta a lexislación vixente. O grupo é moi heteroxéneo curricular e competencialmente polo que haberá adaptación da metodoloxía coa finalidade de que o alumnado acade os mellores resultados.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X		
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.			X	X	X	X

Observacións:

O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

As CCNN serán un espazo ideal para que de xeito globalizado se traballen todos estes contidos mesturados cos propios da área.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a actividades didácticas propostas polo Concello de Carballo, e outras que nos oferten diferentes institucións e organismos.	Saídas á contorna.	X	X	X
Participación nas conmemoracións de obrigado cumprimento. propostas polo Equipo de Actividades Extraescolares, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega e polo Equipo de Biblioteca.	Exposicións e decoracións do colexio e da aula.	X	X	X
Participación en actividades e saídas didácticas organizadas dende o centro e relacionadas co Proxecto Integrado decidido dende a Biblioteca escolar para este curso.	Saídas á contorna.	X	X	X

Observacións:

A participación do alumnado nas actividades complementarias propostas contribúe á consecución dos obxectivos propostos na área para o cuarto curso.

Os elementos transversais tamén estarán presentes no deseño e realización de todas as tarefas relativas as actividades extraescolares programadas polo centro.

Estas actividades complementarias descritas, son susceptibles de ser eliminadas en parte, modificadas ou ampliadas, en función das necesidades da aula e do centro.

Entre os propósitos que perseguen estas actividades extraescolares e complementarias destacan:

- Completar a formación que reciben os alumnos e alumnas nas actividades curriculares.
- Mellorar as relación entre o alumnado axudándolles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do noso alumnado ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuir ao desenvolvemento de valores e actitudes relacionadas coa interacción e o respecto as demais persoas e ao coidado do patrimonio natural e cultural.
- Favorecer a curiosidade, sensibilidade e creatividade do alumnado.
- Espertar o sentido de responsabilidade nas actividades propostas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación: coherencia de obxectivos e contidos, temporalización, organización de recursos e procedementos de avaliación axeitados.
Metodoloxía empregada
Motivación ao longo do proceso para lograr a actividade intelectual do alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Recursos variados para a presentación de contidos e realización de tarefas.
Medidas de atención á diversidade
Adáptanse as probas e as tarefas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe?
Clima de traballo na aula
Motivación, explicacións individuais e información de resultados/erros obtidos nas tarefas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Rol docente.

Descrición:

Como mestres debemos reflexionar sobre o proceso de ensino e sobre a propia práctica educativa, coa intención de melloralala. Por este motivo temos que ter todo planificado e programado, rexistrando aqueles aspectos que consideremos máis relevantes para a avaliación. Debemos observar e analizar todos os elementos do proceso para comprobar si o proceso de ensino se desenvolve segundo o previsto ou, no caso contrario, actuar en consecuencia. Tamén debemos avaliar a propia programación e a súa adecuación ao alumnado.

As respostas a unha serie de preguntas servirán para reflexionar sobre a nosa actuación co alumnado e sobre todo, dos aspectos recollidos na programación:

- sobre os materiais utilizados: permiten a manipulación, son suficientes, atractivos, ...
- sí a planificación foi a axeitada: número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, obxectivos ben definidos, propostas de aprendizaxe colaborativa, ...

-se fomos quen de motivar ao alumnado, despertar a súa curiosidade, si todos participan activamente, se conseguiron o seu máximo nivel de desenvolvemento, ...

Se tivemos en conta a participación das familias, as medidas de atención á diversidade necesarias, uso das TIC, temas transversais, actividades de carácter interdisciplinar, ...

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente, as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
22. Contribución ao plan de lectura do centro.
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados